ACTUACIÓN PARA RESOLVER AS DEFICIENCIAS DE COBERTURA DE TELEFONÍA MÓBIL NO RURAL DE GALICIA

Información a solicitar a concellos

Data de elaboración do informe 20-12-2019

A información que compre recadar dos concellos é a relativa ás entidades de poboación con problemas de cobertura e a de terreos dispoñibles para poder instalar torres e darlles cobertura.

De cara a tratar de clarificar en todo o posible o que precisamos dos concellos, facilitar as tarefas de identificación das entidades de poboación e os terreos, así como poder traballar con posterioridade coa información facilitada, é preciso ter en consideración os seguintes aspectos:

- As **carencias de cobertura deben ser dos 3 operadores** (Vodafone, Orange e Movistar), con que exista cobertura dun deles xa non é unha entidade obxectivo.
- Considerase **carencia de cobertura cando non se poden realizar chamadas de voz no exterior das vivendas**: si se considera unha carencia si, por exemplo, non podes realizar unha chamada xusto na porta da casa, pero non pode ser considerada carencia se nun cuarto da casa non tes cobertura, especialmente porque as características construtivas de cada vivenda inflúen moito na cobertura.
- **So se terán en consideración zonas con vivendas**, é dicir, non se trata de resolver de xeito directo deficiencias de cobertura en zonas de bosque ou parcelas baleiras, por exemplo, eses poderían ser beneficios colaterais.
- O **nivel de detalle** co que se vai a traballar para identificar zonas sin cobertura é a **ESP (Entidade Singular de Poboación), que se identifica polo código INE de 9 díxitos**. Polo tanto, se a meirande parte da ESP ten cobertura e so unha zona moi concreta non, non podería ser obxectivo. Na meirande parte dos casos, dado que se trata de entidades moi pequenas, isto non será un problema, pero por exemplo non se podería considerar unha entidade de 300 habitantes na que en 3 ou 4 vivendas non teñan boa cobertura. Por tanto, **cando menos a metade das vivendas ten que estar afectada pola carencia de cobertura**. Tampouco sería aceptable dicir que hai problemas “en toda a parroquia” ou “en todo o concello”, hai que identificar as ESPs unha a unha.
- Vanse realizar verificacións da cobertura e consultas a operadores de todas as zonas antes de incluílas como obxectivo (requisito para non actuar en zonas que alteren o mercado), polo que o feito de pedir moitas entidades de poboación por parte dos concellos, nas que non existan os problemas de cobertura descritos, vai supoñer un importante incremento nos custos de execución e no tempo de elaboración da zona obxectivo, sen que iso vaia en beneficio de ninguén, polo que **sería recomendable que as reclamacións que se trasladen dos concellos estean inicialmente corroboradas por eles**.
- Dispoñer de parcelas para a instalación de torres é imprescindible. Non se poderán considerar as entidades se non se ten dispoñibilidade de terreos, dado que isto é sempre un aspecto crítico. Temos que ser conscientes de que nos concellos non son expertos en comunicacións e non poden facer cálculos de cobertura para identificar bos terreos, pero hai certas cousas de “senso común” que poden axudar a propoñer terreos válidos:
    - Que dende os terreos se vexan as vivendas a cubrir, e que estean nas súas proximidades.
    - Que estean máis elevados ou ao mesmo nivel que as vivendas a cubrir, para non ser preciso facer torres demasiado altas ou incluso que non sexan viables, porque tamén

será preciso que estas torres se comuniquen con outras existentes.

- Que non estean moi afastados dos tendidos eléctricos existentes, pois iso encarecerá/ dificultará a acometida eléctrica.

Por outra banda, de cara a recompilar a información proporcionada polos concellos, é importante ter en conta que:

- **Toda a información recompilada ten que estar tabulada e nun único formato editable** (táboa excel ou similar), para poder logo traballar con ela, tendo en conta ademais que se pode tratar de moito volume de información.
- As **ESPs teñen que estar claramente identificadas** e a información ten que vir tabulada, para poder logo traballar con ela. Traballar só con nomes das poboacións non é viable, porque non son únicos (se repiten) e ademais cambian como se lles chama (a veces no INE teñen un nome e a xente de alí chámalle doutro xeito). Por iso, o recomendable, sería facilitar aos concellos o listado total das súas ESPs, agrupadas por parroquia, de xeito que identifiquen nesa listaxe aquelas con problemas.

  Dado que se van facer medidas de verificación, se ademais se teñen identificadas as zonas nas que hai máis problemas na ESP, o ideal sería aportar coordenadas concretas para facilitar as verificacións, aínda que isto non é estritamente necesario.
- A **identificación de parcelas** tamén debe ser única e non levar a equívocos, polo que o recomendable sería que aportasen información de **referencia catastral da parcela e incluso tamén coordenadas da localización concreta** (nalgúns casos pode tratarse de parcelas de grande tamaño na que so se ofrece un espazo concreto).

Documentación axunta:

- Relación de ESPs.
- Proposta de táboas para consulta a concellos.